

CIRCULAR Nº 2

Temporada 17-18

Destino: Delegacións Zonais, Clubs.

Asunto: Inscripcións dos equipos participantes en competicións de ámbito autonómico Sénior.

Ponse en coñecemento das Delegacións e de todos os clubs interesados que o prazo de inscrición dos equipos nas competicións de ámbito autonómico finaliza o vindeiro día **31 de Xullo 2017 ás 13.00 hrs.** Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo, deberán inscribirse vía WEB, (www.fegaba.com) e logo remitir ás Delegacións a seguinte documentación ORIXINAL:

- **FOLLA DE INSCRICIÓN**

- **DEPOSITO INICIAL OU AVAL BANCARIO**, xustificante do ingreso bancario a nome da FGB por importe da cantidade que en cada caso corresponda, ou aval bancario segundo modelo axunto.

- **COTA DE AFILIACIÓN**, xustificante do ingreso da transferencia bancaria a nome da FGB, polo importe da cantidade que en cada caso corresponda.

- Ingresos Nº Conta ES96-2100-1455-14-0200227406 de La Caixa.

A data do 28 de xullo ás 13.00 hrs. é improrrogable para presentar esta documentación, polo que chegado o momento, aquel equipo que non remitira a documentación indicada considerarase como retirado, orixinándose unha vacante que será cuberta.

	<u>C. Afiliación</u>	<u>Depósito/Aval</u>	<u>Data</u>
Liga de 1ª Div. Masc	260,00 €	2.900,00 €	31.07.17
Liga de 2ª Div. Masc.	200,00 €	900,00 €	31.07.17
Liga de 1ª Aut. Fem.	225,00 €	625,00 €	31.07.17

A Comisión Delegada da Federación Galega na súa reunión decidirá en base ás solicitudes de inscrición, os equipos que participarán nas categorías 1ª División Masculina, 2ª División Sénior Masculina e Liga 1ª División Autonómica Feminina .

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido da presente circular, e non soamente entre aqueles

equipos que en primeira instancia, teñen dereito á inscrición nas competicións de ámbito autonómico, senón tamén entre aqueles que puideran estar interesados en optar por algunha das prazas vacantes que se lle puideran dar.

Por outra banda, tamén pedimos a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía WEB, preparen toda a documentación necesaria orixinal e a remitan a través das respectivas Delegacións dentro dos prazos establecidos e seguindo o que se indica na presente circular co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago, 3 xullo 2017



Asdo. Susana Fernández Fiuza
Secretaria Xeral